



## Información para empresas

Accións formativas dirixidas á cualificación profesional das persoas traballadoras ocupadas, orientadas á mellora de competencias profesionais relacionadas cos requirimentos de produtividade e competitividade das empresas con centros de traballo en Galicia.

# Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras ocupadas)

TR302A

Prazo límite de  
execución das  
accións formativas  
**30 de setembro  
de 2024**

Orzamento  
2023  
**7.772.334€**



## Entidades beneficiarias

- As entidades de formación que sexan titulares de centros ou entidades de formación inscritos para impartir formación profesional para o emprego no ámbito laboral de Galicia naquelas especialidades formativas para as que soliciten a subvención.

As entidades disporán dun prazo máximo de dez días hábiles dende a data de entrada en vigor da orde de convocatoria para, caso de non estaren dadas de alta, inscribirse no Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para impartir as especialidades formativas que soliciten.



## Programa de formación

- Será subvencionable a impartición dos programas de formación dirixidos á adquisición de competencias técnicas profesionais en dous programas:
  - » Programa I de formación transversal, integrado por accións formativas dirixidas á obtención de competencias transversais a varios sectores.
  - » Programa II de formación vencellada á Axenda Galega das Capacidades no marco do sistema de formación profesional para o emprego.
- Cada entidade só poderá presentar unha solicitude de subvención por programa que incluíra o plan de formación a impartir con indicación de todas as accións formativas e grupos que o configuran.
- A solicitude incluíra un mínimo de dúas accións formativas diferentes ou dous grupos formativos dunha mesma acción formativa.

+ Info



Pulsa  
para acceder



## Intensidade da axuda

- A concesión, en concorrencia competitiva, e xustificación das subvencións concedidas realizarase a través do réxime de módulos económicos.
- A subvención calcularase en función do nº de participantes previstos, do nº de horas do programa formativo, dos módulos económicos específicos para cada familia, área profesional e/ou especialidade e en función da modalidade de impartición.
- Para custos adicionais de adaptación da acción formativa á participación do alumnado con discapacidade establécese un custo unitario de 16€/hora lectiva.



# Accións formativas do Plan Formativo para o emprego (persoas traballadoras ocupadas)

TR302A



## Prazos de realización e xustificación das accións formativas

- Non poderá comezar ningunha acción formativa que non conte coa validación previa do persoal técnico da unidade administrativa competente, a través da aplicación informática SIFO.
- As accións formativas non poderán comezarse antes do 1 de xuño de 2023.
- A data límite para o remate das accións formativas que se desenvolvan exclusivamente durante a anualidade 2023 será o 20 de decembro de 2023. Para as teñan lugar durante as anualidades 2023 e 2024 ou exclusivamente durante a anualidade 2024, a data límite de remate será o 30 de setembro de 2024.
- A xustificación farase a través a aplicación SIFO, dentro do prazo máximo de dous meses dende o remate da última acción formativa e de acordo coas seguintes datas límites:
  - » O 15 de decembro de 2023 para os programas formativos que rematen ata o 30 de novembro de 2023.
  - » O 31 de outubro de 2024 para os programas formativos que rematen despois do 30 de novembro de 2023.



## Obrigas das entidades beneficiarias

- As entidades beneficiarias deberán cumprir, entre outras, as seguintes condicións:
  - » Executar o programa de formación de acordo coas condicións e requisitos formais e materiais establecidos na orde de bases e na resolución de concesión.
  - » Desenvolver o programa formativo subvencionado sen subcontratar a súa execución.
  - » Expor no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro o programa da acción formativa, os dereitos e deberes do alumnado, a relación do persoal docente, as datas e modalidade de impartición e, de ser o caso, o horario do curso.
  - » Informar ao alumnado do alcance e obxectivos da formación, respectando o carácter gratuito da formación para aquel.
  - » Informar ao alumnado en situación de desemprego das axudas e bolsas que poidan solicitar á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación e facilitarlles apoio para a cobertura telemática da solicitude.
  - » Dispor, de ser o caso, dun sistema de control biométrico para o seguimento e control do alumnado e do persoal docente compatible co sistema establecido polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
  - » Contratar un seguro de accidentes para o alumnado, para o caso das accións formativas a impartir na modalidade presencial así como para a parte presencial da modalidade de teleformación e/ou mixta.
  - » Realizar polo menos, dous cuestionarios de valoración da acción formativa por parte do alumnado durante o 1º cuarto da actividade de formación e ao remate desta.
  - » Verificar, ao comezo da acción formativa, que a especialidade segue en alta no Catálogo de Especialidades Formativas e que o alumnado cumpre cos requisitos de acceso.